



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Facer o amor con devoción

Benqueridas amigas e amigos: Andamos pola Pentecoste a voltas co Espírito. Mellor: é o Espírito o que anda a voltas connosco. E, para facer tal, entre outras colleu nesta ocasión cousa e causa de muller. Andan as rúas revoltas, neste caso pola sentenza da ditosa «Manada» que como manada de... (ningún animal merece entrar na comparanza) irrompeu na vida daquela mociña case anónima, no colectivo feminista e no conxunto deste país un chisco estrambótico.

Abuso ou violación? Máis acó ou aló da lei, esperpento, machismo puro e duro, que nace, medra, madurece e estoupa en animaladas como a comentada coa colaboración do silencio, do consentimento, da graza rida e consentida dunha sociedade patriarcal, machista, na que chegamos a converter o amor,

facer o amor acto de maior intimidade, respecto, tenrura, compenetración co que Deus dotou o corpo e o espírito nun feito de dominio e prepotencia máxima, de ameaza e case escarnecemento. Todo o contrario do sentido primeiro e fundamental dun acto tan fundamente humano como é amarse no espírito e no corpo. Pero, repito, isto quizais é o froito, feito home e brutalidade máxima, dunha maneira abusiva, compulsiva, consumista, de concibir a vida e todo o que a vida atopa por diante. E así nos vai.

Na Igrexa poucas voces se fixeron públicas tomando postura, entre elas, si, a do foro dos curas de Madrid. Unhas teclas que cómpre tocar con mans moi finas, das que quizais polo de agora carecemos. No medio de tanto rebumbio e tanto silencio, chamaron a atención as palabras das monxas de clausura, as Carmelitas Descalzas de

Hondarribia Guipúzcoa, que a través da irmá Patricia compar-tiron este comunicado:

«Nós vivimos en clausura, levamos un hábito case ata os nocellos, non saímos de noite (máis que a Urxencias), non imos a festas, non inxerimos alcohol e temos feito voto de castidade. É unha opción que non nos fai nin mellores nin peores ca ninguén, aínda que paradoxalmente nos faga máis libres e felices ca a moitos. E porque é unha opción LIBRE, defendemos con todos os medios ao noso alcance (este é un) o dereito de todas as mulleres a facer LIBREMENTE o contrario, sen que sexan xulgadas, violadas, amedrentadas, asasinadas ou humilladas por iso. IRMÁ, EU SI TE CREO».

Chamounos tamén a atención un comentario aparecido na mesma páxina que ofrecía o texto, firmado por unha tal *Bonjour Tristesse*. Decía así:

«Moi mal debe andar a liberdade (e outras cousas) neste país, para que unhas monxas carmelitas (en clausura, oen ben) acheguen vento fresco a unha sociedade que se asfixia de dor e indignación».

En terras de Abadín foi moi coñecido un bo gaiteiro, Plácido Reigosa, que, cando á súa vez bailaba, facíao con tanto aquel no xesto, na ollada, no corpo todo, no espírito, que a xente dicía del que o Plácido bailaba con devoción. Quizais debamos tamén nós aprender a facer o amor cun chisquiño máis de devoción. Mellor nos iría.

## 2.- Seguimos con mozos e mozas

Grazas á vida, á xente, a Deus, non todo o mundo é así e, dentro e fóra do mundo relixioso, hai mozos e mozas que se rexen por outras maneiras de se entenderen e de entenderen as relación de todo tipo coa demais xente. Entre tales persoas podemos contar os 300 mozos e mozas que do 19 ao 24 de marzo pasado se xuntaron en Roma en encontro presinodal, para contribuír coa súa reflexión á elaboración do material que conformará o *Instrumentum laboris* do que partirán os bispos para o seu traballo sinodal. E a ese grupo de 300 hai que xuntar tamén os 15.000 que, vía *online*, colaboraron na tarefa.

Ao final os 20 grupos lingüísticos constituídos foron quen

de ofertar un interesante documento que paga a pena ler con calma, sobre todo por parte de quen teña algún labor de acompañamento no mundo xuvenil. O mundo da mocidade, agás excepcións que sempre hai, estase retirando silenciosamente das comunidades cristiás, curiosamente a través da prometedora porta da catequese de Primeira Comunión e de Confirmación; como para desaproveitar, polo tanto, calquera lapiña que se acenda coa intención de alumar obxectivos, métodos e esforzos.

O documento elaborado consta de tres partes: a primeira dedicada aos «Desafíos e oportunidades da mocidade no mundo actual», con importantes subtítulos dedicados á formación da personalidade, á relación coa diversidade, á mocidade e o futuro, á relación coa tecnoloxía, á busca do sentido da existencia. A segunda parte versa sobre «Fe e vocación, discernimento e acompañamento», onde se tratan temas como a mocidade e Xesús, fe e Igrexa, o sentido da vocación da vida, o discernimento vocacional, a mocidade e o acompañamento. E a terceira parte trata sobre «A acción educativa e pastoral

da Igrexa», e nela toca temas moi concretos como o estilo de Igrexa, a mocidade como protagonista, os lugares a privilexiar, as iniciativas a reforzar e os instrumentos a utilizar.

Loxicamente, no documento vense voces moi diversas, e non é doado imaxinar cal é o pensamento que máis forza ten no conxunto. Aínda así, percíbese un fondo de distancia, que non de ruptura polo de agora, entre o que a mocidade que participou valora e vive, e o que se lle oferta; entre a súa sensibilidade, recursos, habilidades, tendencias, espazos e o que desde o conxunto da Igrexa se lle vén ofrecendo. Supoñemos que o Sínodo tentará acurtar esas distancias, e imaxinamos que non será seguindo a tendencia máis habitual de pretender que a mocidade faga o camiño cara á institución eclesial, senón que esta tamén saia dos seus coutos pechados para se atopar coa mocidade onde se debe atopar, non precisamente no corpo da institución, senón no corpo de Cristo, en Xesús de Nazaret, cara ao que aínda a mocidade mantén unha reserva de admiración. Poderao facer un episcopado encadrado en anos e tem-

pos vellos? O Sínodo dedicado á mocidade, como calquera outro Sínodo especializado, non se quedará curto contando só cunha presiña de folios que recollen o sentir da xente nova? Non debería darlle voz viva e en directo a representantes da mocidade, para poder romper formatos que os anos foron endurecendo e desecando? Esperemos que o Espírito, coma sempre, axude a facer posible o imposible.

### 3.- Na busca do espazo perdido

Cando este número de *Encrucillada* chegue ás mans de quen nos lea, xa moitas cousas soarán a vello, tal é a présa con que vivimos e con que o sol das novidades pasa pola nosa porta. Aínda con esas, non queremos deixar de subliñar o malestar que nesta Semana Santa pasada causaron certos comportamentos de representantes do Goberno e certas prácticas comúns ao redor de manifestacións relixiosas tradicionais. Andamos a bandazos, ora, cando se terza –entroidos e outras cerimonias–, uns aproveitan para despegarse de todo o que cheire a relixioso na nosa cultura, con escaso gusto ás veces; e ora, cando se pode

tamén –procesións, irmandades, romarías–, outros responden coas armas que teñen e que as nosas tradicións lles facilitan. Chamaron a atención –non é algo novo– a lexión e outros militares, acompañando procesións nas que todo xira ao redor dun xusto axustizado polos poderes civís, relixiosos, militares do seu tempo, o que non deixa de ser un grande contrasentido, e mesmo un sibilino intento de edulcorar a mensaxe «antisistema» de Xesús de Nazaret; chamou a atención, unha vez máis, a ministra Cospedal dando orde de que o Venres Santo se izase a media hasta a bandeira nacional española, ignorando que estamos nun Estado non confesional, e, polo mesmo, sorprendeu a presenza de varios ministros, como representación oficial, nalgunhas procesións.

Aínda dentro do clima de fervor patriótico no que vivimos, co tema catalán non resolto de fondo, houbo descontentos e protestas. Chamounos especialmente a atención, por sensata e razoada, a da Ferede (Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España), que en comunicado público criticou a presenza oficial dos ministros

de Xustiza, Defensa, Educación e Interior nas procesións da Semana Santa católica, «porque dana a imaxe da non confesionalidade do Estado Español». E entende que «o mesmo se pode dicir respecto á participación doutros cargos públicos, representantes políticos, membros das Forzas Armadas e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nestes actos e outros que se producen noutras festividades relixiosas ao longo do ano». Ao seu ver, con estes actos España parece estar «inmersa nun lamentable retroceso cara a posicións confesionais e de identidade propias doutros tempos». E por iso reiteran «unha vez máis a nosa solicitude ao Goberno español de que se estableza un protocolo claro e preciso e non aberto a interpretacións particulares, que regule a participación ou non dos cargos públicos e os representantes das institucións do Estado en calquera acto de carácter relixioso, segundo proceda».

Por parte da Igrexa católica ningunha voz oficial comentou nada, aínda que circularon cartas de protesta dalgún crego e grupos eclesiais. En Galicia lembramos os duros enfronta-

mentos entre clerecía e mandos militares cando no Ferrol polos anos 60-70 do século pasado se quixo vetar a presenza do exército nas procesións. Pensamos que a Igrexa católica debería fixar postura, basicamente por fidelidade ao que foi a morte de Xesús e o seu significado, e por contribuír a crear un clima sereno, plural, respectuoso. Tería o seu mérito, estando como está neste momento e nestes temas en situación de «poder». As cousas, queirámolo ou non, camiñan cara a onde camiñan, como, por exemplo, moi ben dicía hai uns días o cardeal Cañizares, cando aventuraba que o sistema actual de financiamento eclesial en España quizais non dure moito tempo. Pero, iríanos peor como seguidores/ras de Xesús se tales despegues se fosen producindo?

#### **4.- Abrindo os ollos e os corazóns cara ao mundo**

Pero pasan máis cousas polo mundo adiante, a por das cales estas liortas nosas soan case a esmorga. Vimos de ver os informativos deste día –15 de maio, san Cidre, patrón da xente do campo, parabéns! – e queda-

mos abafados unha vez máis polo que está acontecendo na franxa de Gaza. Non temos palabras que lle dean saída aos nosos sentimentos de indignación, que xa noutras ocasións compartimos desde estas páxinas. Un pobo que soubo ata a fartura o que é ser un pobo perseguido, decimado, que agora non sinta noxo véndose el exercendo de aniquilador! Un pobo que celebra ter gañado Eurovisión cunha canción que critica o acoso escolar, pero que non recea asasinar nenos e nenas, e adultos tamén, no nome dunha suposta seguridade nacional, cunha trivialidade abraiante! Un pobo que salta por riba de todas as resolucións da ONU en relación co asunto que os enfrenta co pobo palestino, e que logo empeza a ir de salvavidas internacional sumándose a operacións de castigo cando lle convén! E detrás disto, no fondo, un radicalismo relixioso que todo o xustifica con interpretacións puristas da súa tradición e, máis no fondo aínda, grandes intereses económicos que comparten paixón e gozo co xigante americano. Os mortos causados polo posible ataque con armas químicas en Siria son de máis

elevada categoría ca estes mortos palestinos producidos pola prepotente veleidade dun pobo obnubilado nos seus dirixentes actuais e na masa que os apoia. Grazas a Deus, sabémolo ben, non todos os xudeus comparten as accións do seu propio Goberno, e nos mesmos Estados Unidos déronse manifestacións de xudeus contra o goberno de Israel por todo o que está acontecendo, pero a día de hoxe as cousas están como están. Na Europa dos dereitos humanos, incómodos si polas decisións de Trump, incómodos polas súas nefastas consecuencias xa a día de hoxe, seguimos sen dicir palabras contundentes e sen reaccionar con medidas resolutivas, como si fariamos se o país fose outro. Só Sudáfrica, que saibamos, retirou o seu embaixador en sinal de protesta.

Alí, a un paso, na Siria deostada as comunidades cristiás esmorecen, van caendo os case derradeiros vixías na noite escura pola que está atravesando aquel país. Un dos últimos, o xesuíta holandés Frans Van der Lugt, asasinado en Homs o día 7 do pasado abril. «O Padre Frans é un xigante, espiritualmente, a nivel psicolóxico» o seu com-

pañeiro xesuíta Hans Putman. Dedicou boa parte da súa vida a Siria, desde os anos sesenta do século pasado, combinando o seu traballo a favor da paz e do diálogo entre os sirios, fose cal fose a súa pertenza relixiosa, co traballo con grupos de discapacitados cristiáns e musulmáns. Considerábase un sirio e así era tamén considerado polos sirios. Dedicou a súa vida a tratar de axudar aos sirios e foi asasinado polos sirios. Nun determinado momento permitiúselles abandonar Homs, cidade na que o P. Frans mediaba entre o exército e os rebeldes, pero alí quedaba un grupo de cristiáns e, ante a proposta, contestou: «Mentres este grupo de cristiáns estea aquí, eu non me podó ir».

De sesenta mil cristiáns que había en Homs quedan hoxe unhas poucas ducias; a morte ou a amarga sorte dos refuxiados, ese foi o seu destino nunha guerra absurda que se mantén –así o afirman comentaristas cualificados– por intereses xeopolíticos, de poder, dos señores da guerra, dos que todo o mundo sabemos o nome. O sangue dos mártires sempre foi, e segue a ser, semente de cristiáns. O martirio e o com-

promiso solidario, case sempre unidos entrañablemente, son a maior garantía de supervivencia dunha Igrexa que, polo demais, ofrecemos tristemente moitos sinais de esborrallamento.

Algo máis lonxe, na China de Xi Jinping, onde dez millóns de católicos intentan facer vida cristiá no medio de 1.379 millóns de habitantes, a Igrexa está a punto de chegar a un acordo que se considera como un primeiro paso nada máis dun longo proceso que pode levar a unhas relacións diplomáticas normais. Todo se centra polo de agora no feito do nomeamento dos bispos para as comunidades católicas. Actualmente existe unha dolorosa división entre os católicos chineses. Está, por unha parte, a Igrexa católica clandestina, que sofre dura persecución sobre todo nos seus líderes, os bispos, que foron consagrados tales en obediencia a Roma. E está, pola outra, a Asociación Patriótica Católica China (PACC), promovida polas autoridades chinesas, que son as que nomean os seus bispos.

O pronto e posible acordo arrinca dunha famosa e extensa carta do daquela Papa Benedito

XVI, que o 20 de maio do 2007 escribía aos bispos, presbíteros, persoas consagradas e fieis laicos da Igrexa Católica na República Popular de China; nela deixaba asentado que a Igrexa Católica en ningún caso pretendía cambiar as estruturas, porque a súa misión é simplemente espiritual (!?). De se levar a cabo, a Igrexa recuperaría o nomeamento de bispos para as súas dioceses (actualmente hai 40 pendentes de bispo), estes serían recoñecidos polas autoridades chinesas. Xorde un problema porque dos sete bispos actuais pertencentes a PACC, cinco poderían pasar a eméritos, pero dous deles, moi novos aínda, terían que convivir nas súas dioceses con bispos fieis a Roma. Parece que se dan vías de solución a esta dificultade, pero máis complexo vai resultar, iso din, conter o interese chinés por controlar as relixións á súa maneira, que non é outra que telas sometidas aos intereses do partido. Moitas dúbidas, moitas desconfianzas, que fan que líderes da Igrexa clandestina, como o cardeal Joseph Zen, bispo emérito de Hong Kong, fagan campaña manifesta contra o tal acordo,

acusándoo de esta malvendendo a Igrexa en China e de estar reducindo a nada décadas de moito sufrimento e bágoas.

E, saltando polo Pacífico cara o arredado Chile, aquí as cousas son outras. Andan igualmente os seus bispos polo medio, pero por razóns ben dispares. Non hai persecución allea, senón, algo polo menos, descomposición propia. Todo arrinca dos comportamentos de Fernando Karadima, crego influínte, elitista, dos que crean escola, pero que agochaba abusos sexuais que algún dos seus próximos colaboradores, logo nomeados bispos, coñecerían e silenciarían, parece. Houbo un clima de obstinada resistencia por parte dun importante grupo eclesial laical, sobre todo na diocese de Osorno, onde fora parar como bispo Juan Barros, un deses colaboradores de Karadima. Resistencias que o Papa reiteradamente rexeitou e mesmo ridiculizou, ata que na última viaxe a Chile no xaneiro pasado se decatou de que había algo mal resolto que cumpría reparar. Se rechamantes foran as súas críticas case burlonas ao movemento resistente, máis rechamante foi aínda a súa peti-



ción de perdón e a conseguinte decisión de resolver o asunto con absoluta claridade e determinación, caese quen caese.

Coñecemos todos os pasos seguintes: carta pública do Papa recoñecendo o seu erro por mala información habida, envío de Charles Scicluna, arcebispo de Malta, como enviado especial, na compañía de Jordi Bertomeu, oficial da Congregación para a Doutrina da Fe, para que recollesen toda a información pertinente, e, recibida esta, convocatoria de todo o episcopado chileno a Roma para analizar a situación a fondo e tomar as decisións oportunas, que se aventuran moi serias, moi contundentes. Durante tres días, 15-17 de maio, mentres nós andabamos de festa da Fala, conmemorando a extraordinaria vida e palabra galega dunha muller estremeña, María Victoria Moreno, todos os bispos chilenos facían pregaría, revisión e penitencia, para concluír ofrecendo un escrito o día 18, que comeza significativamente así: «Despois de tres días de encontros co Santo Padre, e de moitas horas dedicadas á meditación e á oración, seguindo as súas indicacións, os Bispos de

Chile desexamos comunicar o seguinte». E segue o seu agradecemento ao Papa pola súa escoita e corrección; o seu agradecemento a Scicluna e Bertomeu pola súa investigación e ás vítimas pola súa perseveranza. Para concluír informando que todos e cada un deles, 34 en total, por escrito poñen o seu cargo de bispos nas mans do Papa, para que el faga o que considere oportuno, coa finalidade de poder abrir camiño cara a un cambio profundo na Igrexa chilena. O feito é absolutamente único en toda a historia da Igrexa. Proporcional, iso parece, á gravidade dos comportamentos postos en evidencia, todos eles baixo o denominador común de encubrimento dos abusos a menores. No seu momento saberemos cales son as decisións que tome o Papa; todo apunta a resolucións moi contundentes. Deus sexa bendito!

## 5.- Invitados, invitadas a sermos santas

Somos unha Igrexa avellentada. Os bancos das nosas igrexas énchense, cando se enchen, de persoa moi maiores, sobre todo mulleres. Nos diferentes gru-

pos, actividades, encontros nos que participamos, a maioría de idade salta á vista nos rostros, nas palabras, nas expectativas. Somos unha Igrexa moi maioritariamente vella para a que os entendidos en *marketing*, en recursos humanos, firmarían a súa pronta disolución. Pero sorprendentemente, iso vemos tamén, dentro de moita desta ancianidade detéctase unha sabedoría, un poderío, unha capacidade sorprendente de tirar de nós para adiante, para a terra dos soños. Un deles sen dúbida é o Papa Francisco, que con tanta frecuencia se queixa do abandono da ancianidade, do erro de desprezar a súa fonda sabedoría.

E, xunto con intervencións tan dinámicas como a que comentamos no apartado anterior, sorprendeunos este 19 de marzo, rentes do comezo primaveral deste ano, cunha exhortación apostólica titulada *Gaudete et exultate*, alegrádevos e rebrincade. Non deixa de ser chocante que un ancián que ten superados os 80 anos nos invite a tales cousas. Pero pola simple reiteración das verbas en documentos oficiais (*Evangelii gaudium*, *Amoris letitia*, *Gaudete et exul-*

*tate*) e no seu diario falar, pola súa múltiple e variada expresión xestual, está claro que o Papa asumiu, entre outros, o compromiso de contaxiarnos ledicia, e non imos ser nós quen digamos que non nos fai falla, e a ferrados e fanegas, na institución eclesial. O subtítulo da exhortación di así: «Exhortación apostólica do santo Padre Francisco sobre a chamada á santidad no mundo actual». Porque para o Papa a ledicia, a felicidade está vinculada coa verdadeira vida, e esta coa santidad: «El (Deus) quérenos santos e espera que non nos conformemos cunha existencia mediocre, augada, licuada»(n. 2).

Advirte o Papa que quen queira un tratado sobre a santidad debe buscalo noutra parte, porque «o meu humilde obxectivo é facer resoar unha vez máis a chamada á santidad, procurando encarnala no contexto actual, cos seus riscos, desafíos e oportunidades» (n. 2). A exhortación divídese en cinco capítulos: 1. Chamada á santidad. 2. Dos sutís inimigos da santidad. 3. Á luz do Mestre. 4. Algunhas notas da santidad no mundo actual. 5. Combate, vixilancia e discernimento.

A linguaxe é próxima, accesible, doada. O típico libriño, ademais moi curto, que nos podemos pasar entre os veciños e veciñas que nos achegamos máis ou menos á igrexa, ou incluso a calquera persoa algo aberta ao espírito. Non di grandes novidades, pero incita a encariñarse cunha proposta, a de ser persoas fundamentalmente xustas, fundamentalmente honestas, fundamentalmente sas, fundamentalmente vinculadas a un Deus vivo, capaz de nos levar con paso suave pero decidido moito máis aló do que os nosos cálculos humanos nos permitirían soñar. Invitamos á súa lectura meditada. A nós gustounos especialmente o capítulo 4. Seguro que no escrito todas atoparemos razóns e forzas para facernos un chisquiño mellores, e por que non, un chisquiño santas ou santos tamén, que é ben fermoso poder selo.

## 6.- E aló vai a despedida...

Así abrían os trobeiros populares a derradeira estrofa das súas cantigas, e así abrimos nós o noso adeus por esta volta. E facémolo con dúas noticias de cousas acontecidas na nosa Terra. Unha ten que ver coa dio-

cese de Ourense e coa súa decisión de empezar a dar algún paso firme de acollida coa xente refuxiada. E calquera cousa que se faga neste senso, ben merece toda a nosa valoración e espallamento. Recentemente o Secretariado xeral de Inmigración e Emigración do ministerio de Emprego e Seguridade Social propúxolle ao bispado de Ourense participar nun proxecto de acollida de refuxiados, que se levaría a cabo ofertando a diocese casas reitorais en condicións de habitabilidade e mais terras próximas para que nelas se asentasen familias de xente siria refuxiada por un tempo. Habitarían as casas reitorais e nas terras poderían producir lúpulo e cebada –así se concreta– para unha empresa determinada; tamén poderían criar aves, contando con que se lles asegura a súa venda. A estaba en todo caso sería temporal, ata que a xente se familiarice a todos os xeitos co noso medio e poida libremente optar polo lugar e estilo de vida que ela prefira. De momento a experiencia vaise realizar xa nas parroquias de San Pedro de Laroá, Solveira e Morgade, na comarca da Limia.

Non será doada a incorporación, porque entre outras cousas un labrego ou labrega non se fai da noite para a mañá; pero o intento é ben meritório. Poderáselles facer moito ben a esa xentiña, e de rebote esta xentiña poderanos devolver con medras os servizos prestados, engrosando a nosa poboación en declive e, sobre todo, abríndonos en vivo os ollos para decatarnos do que pasa realmente neses países e suscitando solidariedades e colaboracións, coas que seguro saberemos contribuír. En cantas parroquias e dioceses non se poderían facer cousas así! Os nosos parabéns agradecidos.

E a segunda ten que ver cun relato de Alberto Revuelta, aparecido en *Atrio*, onde nos presenta a figura desconcertante, entrañable, do crego galego don Basiliño. Ofrecemos o relato traducido ao galego, contando co consentimento do autor e do portal ATRIO, a través do cal nos chegou. (<http://www.atrío.org/2018/05/morreu-don-basiliño/>). Grazas.

«Con 96 anos don Basiliño Amoedo Cortizas morreu o xoves 10 da marzo, da cuarta semana de Coresma, festividade

dos santos mártires de Sebaste, de san Melitón e de santa María Uxía de Xesús, na súa casa de Armeáns, aldea perdida na Serra de san Lourenzo, onde hai que chegar e saír por carreiros, parroquia de Santa Cristina de Cobres, partido xudicial de Vilaboa, provincia de Pontevedra, arquidiocese de Santiago.

En Sevilla coincidimos, por inescrutables avatares que só a SDM coñece, catro homes, xa vellos, que tivemos trato con el por diferentes circunstancias, alá na Galicia rural, fonda e oculta, sendo os anos sesenta e poucos do século pasado.

Un que fora garda civil do posto máis achegado a Cobres, outro antigo xuíz de entrada en Vilaboa, un terceiro mestre nacional en Curra e un servidor que andou como diácono en prácticas na parroquia de Santadrán, con don Avelino Blanco Tenreiro, cura propio que foi daquela. A través do garda civil, xubiladísimo pero garda civil, soubemos da morte de don Basiliño.

Unha misiña polo antigo rito, en latín por suposto e co *Dies irae* cantado, dita por un capelán castrense, galego como é

natural, e logo unha mariscadiña a escote para del nos lembrar a modo.

A don Basiliño ordenárono con dispensa aos vinte e dous anos. Aos corenta e tantos suspendeuno *a divinis* o cardeal de Santiago e morreu nesa condición canónica. Vestiu de sotana sempre, malia a suspensión. Hai uns anos a curia diocesana ofreceulle a posibilidade de que solicitase a dispensa de cargas, pero non quixo aceptar a proposta. Barallaron reduci-lo, pero o vicario xeral daquela, compañeiro seu de curso e amigo, enterrou o decreto e deixouno en paz.

Desde que o suspenderon e lle quitaron a parroquia e o deixaron sen congrua sustentación, dedicouse a ir polas aldeas bendicindo os animais enfermos e coa fama de os curar acadou un respecto entre a xente paisana súa, que o chamaba cando as vacas, as ovellas, os porcos e os cabalos non respondían aos remedios caseiros ancestrais ou ás visitas dos veterinarios, que ademais cobraban moitísimo máis ca el. Cando o coñecín e tratei, cobraba un patacón por visita, ou sexa cinco pesetas.

Os veterinarios non se movían por menos de cen. Don Basiliño miraba os ollos do animal, a lingua, tocáballes o bandullo, asperxíaos con auga bendita, púñalles unha man na testa e aloumiñáballes coa outra o pescozo e a barbada, mentres rezaba en latín a bendición de animais do ritual. A xente das aldeas ollaba en silencio canto facía. E a fama que tiña era de que na maioría dos casos os animais curaban.

As mulleriñas das aldeas, os mozos e nenos que toleaban, os homes con idiocia, as mozas namoradas e non correspondidas, as matronas con climaterio mal levado, empezaron e lle pedir a súa intervención ante os poderes misteriosos que gobernan as xentes e as súas vidas.

Don Basiliño recibía a todo o mundo; as nenas, as mulleres novas ou vellas sempre acompañadas por outra muller; os nenos e mocetes coas súas nais, e os homes feitos e dereitos, sos. Escoitaba pacientemente e sen tempo os seus visitantes, tanto canto necesitasen. Primeiro facíalles rezar con el en silencio, logo unha decena do rosario. Ao final bendicíaos mentres re-

zaba a salve en latín. E, como ocurría cos animais, as persoas melloraban. Ou, cando menos, atopaban consolo e sentíanse mellor. Tres euros por visita os últimos anos.

O capelán castrense que celebrou a misa, lembrounos que o Pai Eterno fai o que quere e como quere e que abonda con ser bo para deixar pasar esa acción a prol dos que sofren. Este ordenado *in sacris* aos vinte e dous anos, suspendido *a divinis*

case aos cincuenta, morto aos noventa e seis, fixo real a afirmación de Salvador Pa «A vida non está aquí para xulgala, senón para vivila. Non hai que protestar contra a vida. Hai montañas, pero tamén desfiladeiros».

E coa grata, apracible, fraterna, incómoda e revulsiva memoria de don Basiliño, despedímonos de quen nos lea ata o outono. Feliz verán. Con moita esperanza. Con poucos lumes.

**Manuel Regal Ledo**